

ORGANIZA

Club Olímpico de Vedra
Concello de Vedra
Federación Galega de Triatlón e P.M.

CONTACTO

Ismael García Vázquez
Teléfono: 621 01 73 84
Email: olimpicodevedra@hotmail.com

DATA E LUGAR:

Sábado 14 de Marzo de 2026
Vedra. Avenida M. Manuel Gómez Lorenzo, 15885 Vedra.

MODALIDADE:

A proba disputarase sobre a **modalidade de dúatlon contra o reloxo por equipos**. Equipos de 4 a 6 compoñentes, rexéndose polo regulamento oficial de competicións da Federación Española de triatlón para este tipo de probas.

DISTANCIA

Disputarase sobre distancia sprint (5 km carreira - 20 km ciclismo - 2,5 km carreira).

PREZO DA INSCRIPCIÓN

96 EUROS POR EQUIPO

COMPETICIÓNS

- **DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS ABSOLUTO 2026:**
Equipos de clubs con licenza autonómica galega ou nacional.
Máximo un equipo masculino e un equipo feminino por club.
 - **CAMPIONATO GALEGO DE DÚATLON POR EQUIPOS 2026:**
Disputarase entre os equipos que participen no Dúatlon Concello de Vedra Por Equipos 2025.

Os Equipos pertencentes a clubs con licenza galega en vigor, que desexen optar ao título deberán indicalo no apartado correspondente do formulario de inscrición.
- **DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS OPEN 2026:**
Só poderán participar equipos de clubs con licenza autonómica galega ou nacional cun equipo xa inscrito no Dúatlon concello de Vedra por equipos 2026 (participen ou non no campionato galego).

LIGA GALEGA DE CLUBES DE DÚATLON – PROBA PUNTUABLE

Cada club poderá inscribir cantos equipos desexen (B, C, D...) en categoría masculina ou feminina, en función de se teñen inscritos ambos equipos, masculino ou feminino no Dúatlon concello de Vedra 2026.

- **DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS PROMOCIÓN 2026**
Equipos compostos por deportista sen licenza federativa e/ou deportistas federados con licenza independente

Nesta categoría non se permitirán deportistas con licenza por un club

Os compoñentes non federados deberán facer a licenza de un día. Custe de 20,00 €

Os equipos iran uniformados do mesmo xeito, coa mesma cor de deseño de uniforme, seguindo a normativa FETRI..

En todas as probas, cada equipo terá entre 4 e 6 deportistas do mesmo sexo e club.

Os equipos poderán estar integrados por deportistas da categoría xuvenil en diante.

Nº DE PRAZAS**105 equipos en total****PRAZA ASEGURADA:**

- **EQUIPOS DUATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS ABSOLUTO**

Máximo un equipo masculino e un feminino de clubs con licenza Fegatri, acepten ou non participar no campionato galego e equipos con licenza FETRI.

Será obrigatorio facer a inscrición dentro do prazo establecido para esta proba (19 a 29 de xaneiro de 2026). Máximo un equipo masculino e un equipo feminino por club.

POR RIGUROSA ORDE DE INSCRICIÓN:

- **EQUIPOS DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS OPEN**
- **EQUIPOS DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS PROMOCIÓN.**

OPEN: Cantos equipos desexen (B,C,D..) de clubs con licenza Fegatri ou Fetri participantes no Dúatlon concello de Vedra por equipos open 2026.

PROMOCIÓN: Deportistas con licenza de un día ou independentes.

Será obrigatorio realizar a inscrición dentro do prazo establecido (2 a 19 de Febreiro de 2026). As prazas concederanse por rigorosa orde de inscrición sen importar a proba (open ou promoción), a categoría (masculina ou feminina), nin a cantidade de equipos que inscriba cada club.

Unha vez completadas as prazas abrírase a lista de espera, ata o 19 de febreiro de 2026. En caso de que se produzan renuncias o 20 de febreiro darase curso os equipos inscritos na lista de espera.

PRAZOS DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS:

Dende as 10:00 do luns 19 de xaneiro de 2026
ata as 23:59 do xoves 29 de xaneiro de 2026.

Realizarase on-line, na web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Competicións /Inscripcións](#). Picar sobre a carreira e ir ó enlace que desexen:

- **INSCRICIÓN DUATLON CONCELLO DE VEDRA ABSOLUTO 2026.**
EQUIPOS DE CLUBS CON LICENZA FEGATRI OU LICENZA FETRI
Máximo 1 equipo masculino e 1 equipo feminino.
Os equipos con licenza FEGATRI poderán optar por:
 - PARTICIPAR NO CAMPIONATO GALEGO
 - NON PARTICIPAR NO CAMPIONATO GALEGO

Dende as 10:00 do luns 2 de febreiro de 2026
ata as 23:59 do xoves 19 de febreiro de 2026

Abrírase a inscrición coas prazas restantes ata o total de 105 unha vez pechada a inscrición dos primeiros equipos na proba Dúatlon concello de Vedra absoluto 2026, xa sexa con ou sen participación no campionato galego.

Realizarase on-line, na web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Competicións /Inscripcións](#). Picar sobre o enlace:

- **INSCRICIÓN DE EQUIPOS DUATLON CONCELLO DE VEDRA OPEN 2026.**
EQUIPOS DE CLUBS CON LICENZA FEGATRI OU FETRI
- **INSCRICIÓN DE EQUIPOS DÚATLON CONCELLO DE VEDRA PROMOCIÓN 2026.**
EQUIPOS CON DEPORTISTAS INDEPENDENTES OU LICENZA DE UN DÍA.

O pago faise a través de TPV.

BAIXAS DE EQUIPOS E POLÍTICAS DE DEVOLUCIÓN

- **DÚATLON CONCELLO DE VEDRA ABSOLUTO POR EQUIPOS 2026**
ata as 23:59 do xoves 29 de xaneiro.
- **DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS OPEN 2026**
ata as 23:59 do xoves 19 de febreiro .
- **DÚATLON CONCELLO DE VEDRA POR EQUIPOS PROMOCIÓN 2026**
ata as 23:59 do xoves 19 de febreiro .

Deberán solicitarse ao correo electrónico fegatri@hotmail.com nos prazos establecidos.

LIGA GALEGA DE CLUBES DE DÚATLON – PROBA PUNTUABLE

A partir dese momento non se devolverán os importes das inscricións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) finalizado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

INSCRICIÓN DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS

Dende o Luns 23 de febreiro ás 10:00 h. ata as 23:59 do MARTES 10 de marzo de 2026.

Realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no mesmo enlace da inscrición.

Coa inscrición do equipo poderán darse alta ata 8 deportistas (6 titulares e 2 reservas).

CAMBIOS DOS COMPOÑENTES DOS EQUIPOS

Ata as 23:59 a.m. do martes 10 de marzo de 2026 co código de inscrición poderán modificarse os deportistas libremente.

Das 00:00 do mércores 11 de marzo ata as 15:59 do xoves 12 de marzo de 2026

So poderán realizarse modificacións entre titulares e reservas xa inscritos, enviando un mail a fegatri@hotmail.com

Neste último prazo os cambios poderán ser de titulares dos equipos por reservas ou entre equipos para aqueles clubs que teñan varios equipos inscritos. Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo. **Non se poderán engadir novas inscricións.**

Unha vez rematado o prazo de cambios non poderá efectuarse baixo ningún concepto cambios nos compoñentes dos equipos.

PUBLICACIÓN DE LISTAS DE PERSOAS INSCRITAS.

- **Publicación lista provisional de persoas inscritas**

xoves 12 de marzo de 2026 publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando no listado se da algún erro debido ao manexo dos datos pola Federación, por exemplo, baixas ou cambios solicitados en tempo que non aparecen no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se houbese algún erro no mesmo.

- **Publicación lista definitiva de persoas inscritas**

O venres 13 de marzo de 2026 publicase a lista definitiva (é firme e non admite xa cambios).

LIGA GALEGA DE CLUBES DE DÚATLON – PROBA PUNTUABLE**PUBLICACIÓN DA ORDE E OS HORARIOS DE SAÍDA DOS EQUIPOS**

O venres 6 de marzo de 2026 efectuarase o sorteo e publicarase a orde de saída.

UBICACIÓN SAÍDA, TRANSICIÓN E META

A secretaría, a area de transición, saída e meta da proba estarán situadas na Pista de Rodadura de Vedra situada na Avenida Mestre Manuel Gómez Lorenzo.
Coordenadas 42.773555, -8.485476

SERVIZOS

- polideportivo municipal de Vedra:
vestiarios, duchas e aseos. Coordenadas 42.773046, -8.483207
- pista de rodadura:
secretaría e gardarroupa. Coordenadas 42.773555, -8.485476

RECOLLIDA DE DORSAIS

- Na Secretaría da proba entre as 13:30 e as 16:30

HORARIOS DA COMPETICIÓN

- Posta en marcha do reloxos as 15:30
- Saída do primeiro equipo as 15:31
- Saída do último equipo as 17:30

CONTROL DE MATERIAL

- Todas as probas: apertura as 14:00
- Dúatlon por equipos Open masculino: peche 15:15
- Dúatlon por equipos Open feminino: peche 16:00
- Dúatlon por equipos feminino e Campionato galego feminino 16:15
- Dúatlon por equipos masculino e Campionato galego masculino 16:45

os compoñentes de cada equipo deberán pasar o control todos a vez e será obrigatorio portar licenza, DNI ou documento oficial con foto.

(os horarios poderán sufrir modificacións en función do número de equipos)

REUNIÓN TÉCNICA

Colgarase na web da proba e na web da Fegatri no apartado Competicións /Regulamentos o xoves 12 de marzo de 2026.

CLASIFICACIÓN

- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Promoción Masculino 2025
- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Promoción Feminina 2025
- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Open Masculino 2025
- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Open Feminina 2025
- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Absoluto Masculino 2025*
- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Absoluto Feminina 2025*
- Campionato galego dúatlon contra o reloxos por equipos masculino 2025

LIGA GALEGA DE CLUBES DE DÚATLON – PROBA PUNTUABLE

- Campionato galego dúatlon contra o reloxos por equipos feminino 2025

* Se todos os equipos inscritos no Dúatlon concello de Vedra por equipos absoluto están inscritos no campionato galego fusionaranse as categorías pasando a denominarse:

- Dúatlon concello de Vedra por equipos masculino absoluto - campionato galego de dúatlon contra o reloxos por equipos masculino 2025
- Dúatlon concello de Vedra por equipos feminino absoluto - campionato galego de dúatlon contra o reloxos por equipos feminino 2025

TROFEOS E PREMIOS

- Dúatlon concello de Vedra por equipos Absoluto 2026*

1º equipo masculino e feminino	110 €	trofeo
2º equipo masculino e feminino	100 €	trofeo
3º equipo masculino e feminino	90 €	trofeo

- Campionato galego contra o reloxos por equipos 2026

1º equipo masculino e feminino	110 €	trofeo
2º equipo masculino e feminino	100 €	trofeo
3º equipo masculino e feminino	90 €	trofeo

- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Open 2026

1º equipo masculino e feminino	trofeo
2º equipo masculino e feminino	trofeo
3º equipo masculino e feminino	trofeo

- Dúatlon Concello de Vedra por equipos Promoción 2026

1º equipo masculino e feminino	trofeo
2º equipo masculino e feminino	trofeo
3º equipo masculino e feminino	trofeo

* Se todos os equipos inscritos no Dúatlon concello de Vedra por equipos están inscritos no campionato galego fusionaranse a grella de premios quedando do seguinte xeito:

- Dúatlon concello de Vedra por equipos 2026 – Campionato galego de dúatlon contra o reloxos por equipos 2026

1º equipo masculino e feminino	220 €	trofeo
2º equipo masculino e feminino	200 €	trofeo
3º equipo masculino e feminino	180 €	trofeo

ENTREGA DE TROFEOS

19:00 HORAS

CRONOMETRAXE

A proba contará con cronometraxe electrónica.

NORMAS DE COMPETICIÓN

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición vixente da Federación Galega de Triatlón e da Federación Española de Triatlón.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

CÁMARA DE CHAMADAS E SAÍDA:

Os equipos deberán estar na cámara de chamadas **5 minutos antes** da hora asignada para a súa saída. É responsabilidade do equipo estar no horario establecido na cámara de chamadas.

Os equipos tomarán a saída coa separación establecida polo Delegado Técnico da proba.

O horario de saída de cada equipo será establecido e publicado unha vez pechada e confirmada a inscrición e salvo causa organizativa de forza maior non se modificará baixo ningún concepto.

Se un equipo non está na cámara de chamadas en hora, será decisión dos oficiais permitirlle a súa saída, en todo caso sempre a 30" doutro equipo e o horario do equipo contará dende a hora oficial establecida, independentemente do momento da súa saída.

Na proba Open primeiro saíran os equipos femininos e despois os masculinos.

ORDEN DE SAÍDA E SEPARACIÓN ENTRE PROBAS:

Dende a posta en marcha do reloxo cada 1' sairá un equipo

Haberá unha separación mínima de 5' nos seguintes casos:

- Entre o último equipo do Duatlon Concello de Vedra Open (masculino e feminino) e o primeiro equipo do Dúatlon concello de Vedra absoluto feminino.
- Entre o último equipo do Duatlon concello de Vedra absoluto feminino e o primeiro equipo do Duatlon Concello de Vedra absoluto masculino.

ORDE DE SAÍDA

- Equipos Dúatlon de Vedra Promoción femininos
- Equipos Dúatlon de Vedra Promoción masculinos
- Equipos Dúatlon de Vedra Open femininos
- Equipos Dúatlon de Vedra Open masculinos
- Equipos Dúatlon de Vedra femininos
- Equipos Campionato Galego femininos
- Equipos Dúatlon de Vedra masculinos
- Equipos Campionato Galego masculino

Dentro desa orde, entre os equipos de cada grupo dos anteriores efectuarase un sorteo. O equipo que saia agraciado será o último en saír en cada grupo, o penúltimo en saír será o seguinte equipo por orde alfabético e así sucesivamente.

Na proba Open os equipos B serán os últimos en saír, sendo precedidos polos C, os D e así sucesivamente. Os equipos pertencentes a un mesmo club deberán saír cunha separación mínima de 2 minutos (nese caso intercalarase un equipo de outra entidade).

O venres 6 de marzo de 2026 publicaráse a orde de saída.

ORDE DE SAÍDA NO CAMPIONATO GALEGO:

Terase en conta o Campionato Galego de equipos de 2025, sendo o 1º clasificado masculino e o 1º clasificado feminino os últimos en saír de cada carreira, o 2º e 2ª os penúltimos e así sucesivamente.

CLASIFICACION CAMPIONATO GALEGO DÚATLON CONTRA O RELOXO 2025

Os equipos participantes no campionato galego (feminino e masculino) que non teñan clasificación no ano 2025, saíran xusto antes dos que si a teñan, en cada campionato galego respectivamente, efectuando un sorteo idéntico ao dos demais grupos.

PROCEDEMENTO DE SAÍDA

Cada equipo tomará a saída en conxunto e ao completo, na hora establecida.

Os equipos que tomen a saída con retraso deberán esperar a que o oficial de saída lles permita iniciar a competición, nunca a menos de 30 segundos do equipo anterior e a súa hora de saída para ter en conta nas clasificacións será a que tiñan asignada.

CICLISMO

O equipamento permitido será o mesmo que o das competicións nas que non se pode ir a roda.

A circulación será obrigada pola dereita.

Está permitido ir a roda entre os compoñentes do mesmo equipo.

Se un equipo alcanza a outro, non pode situarse a roda, nin diante do equipo alcanzado.

Durante os adiantamentos os equipos manterán a distancia lateral de 2 metros.

Despois dos adiantamentos o equipo adiantado deberá retrasarse ata unha distancia de 25 metros detrás do equipo que o superou.

equipo que intentando adiantar non o acade, deberá retrasarse tamén 25 metros. Se é necesario un oficial pode obrigar a manter esas distancias.

Os deportistas descolgados do seu equipo non poderán ir á estela nin preceder a ningún outro equipo ou deportista descolgado.

No caso de que un ou mais integrantes do equipo se atopen descolgados a máis de 30 segundos do seu equipo deberán abandonar a competición.

Os compoñentes dun equipo poden axudarse entre si, (por exemplo coas reparacións, avituallamento, empuxando, etc.) pero sen a axuda de elementos externos de competición.

CARREIRA

Os compoñentes dun equipo poden axudarse entre si, pero sen a axuda de elementos externos á competición.

No caso de que un ou mais integrantes do equipo se atopen descolgados a máis de 30 segundos do seu equipo deberán abandonar a competición.

ÁREA DE TRANSICIÓN

A área de transición incluírá unha zona de espera, próxima á saída da mesma, onde os deportistas poderán esperar aos outros compoñentes do equipo.

Os equipos non poderán saír ata que estean presentes ao menos 4 dos seus compoñentes.

5º e 6º compoñentes terán unha marxe de 30 segundos para abandonar a área de transición. Pasado este tempo non poderán saír ao seguinte sector.

CRONOMETRAXE E RESULTADOS

O tempo do equipo será o do cuarto deportista que chegue á meta.